

**O CNI veta a Xaquín García Sinde  
por 'anticapitalista e internacionalista'**

**O PP tamén recorta os dereitos democráticos  
¡Queren devolvernós ó franquismo, non podemos permitilo!**



# ACTO PÚBLICO

**Mércores 2 · Ás 19:00 h. · No Ateneo Ferrolán**

CONVOCAN



[www.ganemoscco.org](http://www.ganemoscco.org)



[www.elmilitante.net](http://www.elmilitante.net)

APOIAN

- Esquerda Unida
- Sindicato de Estudiantes

# O CNI veta a Xaquín García Sinde por 'anticapitalista e internacionalista'

## ¡Basta de represión contra os que loitan! ¡En defensa dos dereitos democráticos!

O Centro Nacional de Intelixencia ditou unha segunda resolución sobre a solicitude de Habilitación Persoal de Seguridade de Xaquín García Sinde, veterano sindicalista de CCOO en Navantia-Ferrol, un dos fundadores de Gañemos CCOO, afiliado a Esquerda Unida e membro da corrente marxista El Militante. O que trala primeira resolución era unha sospeita máis que fundada, agora é una certeza absoluta. O CNI recoñece explicitamente que o seu veto se debe a que Xaquín “demostrou unha continuada participación en organizacións e grupos cuxos ideais defenden unha estratexia revolucionaria: de clase, anticapitalista e internacionalista. Se ben esta participación é lícita, considérase discordante coa protección da información clasificada que o Ministerio de Defensa español cede á industria para os seus desenvolvementos armamentísticos”.

É dicir, as actividades políticas do compañeiro, a pesar de ser lícitas, convérteno, a ollos do CNI, nun risco para a seguridade nacional. O CNI equipara así a Xaquín cun sospeitoso de terrorismo, espionaxe ou sabotaxe, porque isto é o que significa ser un risco para a seguridade nacional.

O recoñecemento da motivación política do veto a Xaquín non se diferencia en nada da etiqueta de “desafecto ó réxime” con que a ditadura franquista catalogaba a quen non comulgaba con ela. Nin tampouco se diferencia da mentalidade que latexa na frase dun xeneral tralo golpe de Estado fascista na Arxentina en marzo de 1976: “Primeiro mataremos ós subversivos, despois ós seus colaboradores, logo ós seus simpatizantes, máis tarde ós indiferentes e, por último, ós tímidos”. O que non está comigo, está contra min, o principio de tódalas persoas con mentalidade dictatorial.

O veto do CNI ó compañeiro só pode ser calificado de caza de bruxas. É un síntoma máis do carácter au-

toritario e represivo do PP, que se suma á Lei Mordaza, á persecución penal contra sindicalistas e traballadores, ás multas abusivas, a criminalización dos eschaches e a outras medidas similares adoptadas por este goberno reaccionario para tratar de frear a mobilización contra os seus recortes amedrentando ós que loitamos.

De forma inmediata imos continuar e redobrar a campaña de solidariedade con Xaquín García Sinde en todo o Estado, esixindo a habilitación do compañeiro (denegada polo CNI) para que poda desenvolver o seu traballo profesional en Navantia sen ningunha restrición: actos públicos, asembleas informativas nos centros de traballo, difusión de follas e carteis, denuncia do caso nos medios de comunicación e nas redes sociais, e recollida de sinaturas. Chamamos a participar nesta campaña tanto ás persoas como ós movementos sociais, sindicatos e organizacións de esquerdas.

O veto do CNI é un ataque contra todos os que loitamos por un cambio social profundo e real que garanta unha vida digna a toda a humanidade, a todos os que loitamos para rematar coa ditadura da minoría privilexiada a cuxo servizo está o CNI. O que máis lles preocupa ós grandes capitalistas é que os traballadores nos organicemos para defender un sindicalismo de clase, combativo e democrático, e un programa de transformación socialista da sociedade. A clase dominante de todo o mundo fixo unha aposta estratéxica: empobrecer á gran maioría da poboación e restrinxir cada vez máis os dereitos democráticos para impedir as loitas contra os recortes. A mellor resposta que podemos dar ó pesadelo que nos ofrece o capitalismo é organizarnos para loitar en defensa das conquistas laborais e sociais e dos dereitos democráticos, e pola transformación socialista da sociedade.

**¡Únete a Gañemos CCOO! ¡Únete á corrente marxista El Militante!**

[www.ganemoscco.org](http://www.ganemoscco.org) · [www.elmilitante.net](http://www.elmilitante.net)